

UNHA HISTORIA DO MUNDO EN SETE COUSAS BARATAS

SOBRE O CAPITALISMO, A NATUREZA
E O FUTURO DO PLANETA

Raj Patel e Jason W. Moore

Tradución de Miguel Braña Montaña

UNHA HISTORIA DO
MUNDO EN SETE
COUSAS BARATAS

SOBRE O CAPITALISMO, A NATUREZA
E O FUTURO DO PLANETA



ECOLOXÍA



CONSUMO
RESPONSABLE



ECONOMÍA
SOCIAL



DEREITOS
HUMANOS

Título orixinal: *A History of the World in Seven Cheap Things. A Guide to Capitalism, Nature and the Future of the Planet*

© 2017 by Rajeev C Patel and Jason W Moore

© da edición galega: Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega, 2020

Tradución: Miguel Braña Montaña

Revisión: Patricia Buxán Outeiro e María Mediero Mayán

Deseño e maquetación: Alicia Rodríguez Malga e Isidro Dozo Valladares

Catro Ventos Editora, S. Coop. Galega

Rúa Ferrería, 25 – 36202 Vigo (Pontevedra)

www.catroventos.gal

ISBN: 978-84-949154-8-2

Depósito legal: VG 312-2020

Impreso en Jadfel Artes Gráficas

Esta obra recibiu unha axuda da Dirección Xeral de Políticas Culturais da Consellaría de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia na convocatoria de axudas para a tradución e/ou edición do ano 2019.

11	Agradecementos
19	Introdución
	Capítulo 1
61	Natureza barata
	Capítulo 2
83	Diñeiro barato
	Capítulo 3
111	Traballo barato
	Capítulo 4
133	Coidados baratos
	Capítulo 5
159	Comida barata
	Capítulo 6
183	Enerxía barata
	Capítulo 7
203	Vidas baratas
225	Conclusión
237	Notas
269	Bibliografía

As uvas esixen menos traballo, auga e combustible ca a cana. Porén, o viño precisa toneis, e durante séculos a madeira para os toneis de Madeira proveu da fonte máis barata: os bosques baratos do Novo Mundo. Os produtos básicos fixeron tamén o camiño contrario, xa que Madeira foi un lugar de paso para o comercio de escravos no Atlántico até o século XVIII.⁵⁸ Nun acto de reinvención máis recente, a illa utiliza na actualidade esta lúgubre historia como fonte de ingresos grazas ao turismo.⁵⁹ Con todo, a medida que a fronteira do azucre se pechaba en Madeira, fóronse abrindo novas fronteiras noutros lugares e unhas forzas menos evidentes ca a apetencia de algo doce deron forma á illa e, non moito despois, ao planeta.⁶⁰

AS FRONTEIRAS E A BARATEZA

Esta imaxe dunha fronteira colonial permítenos facernos unha idea de como o capitalismo ía funcionar noutros sitios. Antes de analizar a historia do azucre e a illa con máis detalle, cómpre explicar por que pensamos que é importante analizar as fronteiras. Decote, nas visualizacións da expansión do capitalismo, a imaxe que este ofrece de si mesmo é o impacto dun asteroide ou a propagación dunha enfermidade que comeza nun punto cero ou cun paciente cero e se metastiza polo planeta. Para explicar as fronteiras capitalistas precisamos dunha ciencia ficción máis sofisticada. Se o capitalismo é unha enfermidade, daquela é unha que come a túa carne e que despois obtén beneficio vendendo os teus ósos como fertilizante, e que posteriormente inviste ese beneficio en recoller a colleita de cana, e que logo vende a colleita aos turistas que pagan por visitar a túa tumba.⁶¹ Emporiso, mesmo esta descrición non é axeitada. A fronteira funciona unicamente grazas á conexión, a cubrir as súas carencias inxectando vida que provén doutros lugares. Unha fronteira é un lugar no que as crises fomentan a busca de novas estratexias para obter beneficios. As fronteiras son fronteiras porque son as zonas de encontro entre o capital e todas as formas da natureza (incluídos os seres humanos). É dicir, sempre se centran en reducir os custos da actividade

empresarial. O capitalismo non só *ten* fronteiras; unicamente existe *grazas* ás fronteiras, expandíndose dun lugar a outro, transformando as relacións socioecolóxicas, producindo máis e máis tipos de produtos e servizos que circulan a través dunha serie de intercambios cada vez maior. Porén, aínda máis importante, as fronteiras son lugares nos que se exerce o poder, e non só o poder económico. A través das fronteiras, os Estados e imperios utilizan a violencia, a cultura e o coñecemento para mobilizar as naturezas a un custo baixo. É este abaratamento o que fai que as fronteiras sexan tan importantes na historia moderna e o que fai que os mercados expansivos do capitalismo sexan posibles. Aquí atopamos unha chave vital para saber como se entende e practica a produtividade. Malia todo o que se leva falado da súa historia sanguenta e opresora, decote esquécese un dato: o capitalismo non prosperou porque é violento e destrutivo (que o é), senón porque é produtivo dunha forma moi específica.⁶² O capitalismo non prospera destruíndo as naturezas, senón pondoas en uso... da maneira máis barata posible.

A través das súas fronteiras, o capitalismo aproveita e controla un conxunto máis amplo de relacións creadoras de vida ca o que aparece recollido na conta de resultados dun contable. Tanto en inglés coma na nosa lingua non hai unha palabra para o proceso de crear vida, mais termos así si que existen noutros idiomas. O pobo anishinaabeg, cuxas terras orixinais ocupaban boa parte do nordeste de América do Norte, ten *minobimaatisiwin*, que significa «a boa vida» mais tamén «un renacemento continuo» de relacións recíprocas e cíclicas entre os seres humanos e outras formas de vida.⁶³ As linguas bantú sudafricanas teñen *ubuntu*, a realización humana a través da solidariedade, e na lingua shona existe a idea de *ukama*, unha «relación con todo o universo», incluído o mundo biofísico.⁶⁴ Similares interpretacións existen no termo chinés *shi-shi wu-ai* e no maorí *mauri*.⁶⁵ A falta dun termo axeitado, usaremos a idea de *oikeios*. Con este termo désígnase o impulso creativo de varias capas a través do que flúe toda a actividade humana, configurado en todo momento por naturezas que decontino escapan aos esforzos humanos por controlalas. A través do *oikeios*, xorden formas concretas

de vida, as especies conforman os medios e os medios conforman as especies. Así mesmo, o impulso da civilización humana non ocupa simplemente os medios, senón que os produce... e, nese proceso, os medios tamén a producen a ela.⁶⁶

Todo o que os seres humanos fan é coproducido co resto da natureza: os alimentos, a roupa, as casas e os lugares de traballo, as estradas, as vías férreas e os aeroportos, e mesmo os teléfonos e as aplicacións para móbiles. É relativamente sinxelo comprender como algo como o agro mestura o traballo dos humanos e os solos, e como tamén mestura todo tipo de procesos físicos co coñecemento humano. Cando os procesos son dunha escala máis ampla, resulta máis sinxelo pensar nos procesos «sociais» e «naturais» coma se fosen independentes uns dos outros. Até certo punto, é máis sinxelo percibir a relación inmediata entre o solo e o traballo nun mercado de pequenos produtores agrícolas ca no mercado financeiro global. Porén, Wall Street é tan coproduto da natureza como o pode ser un mercado local. De feito, as operacións financeiras globais de Wall Street implican unha rede de relacións ecolóxicas planetarias inimaxinables en calquera civilización anterior. A historia non se foi escribindo a partir da separación da humanidade da natureza, senón das súas diversas e cambiantes configuracións. As relacións «humanas» de poder e diferenza, produción e reprodución, non só producen natureza: tamén son produtos da natureza. Existe, por exemplo, unha variedade de mosquito (*Culex pipiens*) que converteu o metro londiniense no seu fogar e se adaptou ao mundo escuro deste medio de transporte británico até o punto de que xa non se pode reproducir coa especie da que provén; de aí xorde a nova especie *Culex pipiens molestus*.⁶⁷ Esta nova especie, que ten a súa orixe na actividade humana, é unha pequena contrapartida kármica por todas esas especies destruídas como consecuencia do traballo que fan na City de Londres (o distrito financeiro) os usuarios do metro, de cuxo sangue se alimenta o mosquito.

Neste libro imos tratar a relación entre a rede da vida (no sentido máis amplo do termo) e o capitalismo. As fronteiras do capitalismo sempre están firmemente asentadas dentro dun mundo moito máis extenso no

que se crea vida. Para o capitalismo, o que importa é que as cifras indicadas nos cadernos contables (para pagarlle ao cadro de persoal, para subministrarlle unha alimentación axeitada, para mercar enerxía e materias primas) sexan o máis baixas posible. O capitalismo só valora o que pode contar... e unicamente sabe contar diñeiro. Un capitalista quere investir o mínimo posible e tirar o maior beneficio posible. Para o capitalismo, isto significa que todo o sistema prospera cando os capitalistas e os Estados poderosos poden reorganizar a natureza do planeta, investir o menos posible e recibir tantos alimentos, traballo, enerxía e materias primas como sexa posible sen provocar demasiadas perturbacións.

Neste punto, os economistas quizais bisben «externalidades» e se preguntan por que non lemos os primeiros académicos que falan delas: Arthur Cecil Pigou ou James Meade.⁶⁸ Xa o fixemos... e por iso escribimos este libro. En economía, unha externalidade é un custo ou un beneficio, privado ou social, que non aparece no cálculo da produción. Nós defendemos que o mundo moderno emerxeu dos intentos sistemáticos de resolver crises na fronteira, crises que foron consecuencia de que a vida humana e extrahumana se introducise nese cálculo. O mundo moderno tivo lugar porque as externalidades contraatacaron.⁶⁹

O capitalismo non é un sistema no que o diñeiro está en todas partes, senón que é un sistema no que existen illas de intercambio de diñeiro dentro de océanos de naturezas baratas (ou potencialmente baratas). Reproducir a vida dentro do nexo do diñeiro é custoso e resulta cada vez máis caro segundo pasa o tempo. Pódense conxelar os salarios dos traballadores, e mesmo reducilos, pero, ao final, a desigualdade provoca crises coma as que vimos recentemente que derivaron en protestas populistas nos Estados Unidos e no Reino Unido. A clase traballadora esixe dignidade e o seu traballo vólvese caro. Os procesos de produción van queimando a illa e a enerxía deixa de ser barata. O clima cambia e os cultivos xa non medran coa mesma abundancia ca no pasado. As fronteiras son tan importantes nestes procesos porque ofrecen lugares nos que conseguir novas cousas baratas... e nos que forzar o traballo barato das persoas e doutras naturezas.

Así, chegamos ao que nós entendemos por *barateza*: un conxunto de estratexias para xestionar as relacións entre o capitalismo e a rede da vida mediante a resolución temporal das crises do capitalismo. *Barato* non significa o mesmo ca *low-cost*, aínda que algo teñen que ver. *Barato* implica unha estratexia, unha práctica, unha violencia que mobiliza todo tipo de traballos (humano e animal, botánico e xeolóxico) coa menor compensación posible. Usamos *barato* para falar do proceso ao que recorre o capitalismo para transformar estas relacións sen nome que crean vida en circuitos de produción e consumo, nos que estas relacións acaban tendo o menor prezo posible. O abaratamento marca a transición dunhas relacións creadoras de vida non contabilizadas ao menor valor en dólares posible. Esta é sempre unha estratexia a curto prazo e a barateza sempre foi un campo de batalla. Analizar estas sete cousas baratas axúdanos a ver o horizonte do posible. Axúdanos a entender que está en xogo nos conflitos sociais actuais e que reparacións cómpre facer para que a solidariedade teña un sentido. Ao examinar o diñeiro, o traballo, os coidados, a enerxía, os alimentos, as vidas e, por riba de todo, a natureza, defendemos un novo xeito de entender o que denominamos «ecoloxía do capitalismo», a mestura de relacións que explica como funciona o mundo moderno. Por que estas sete? Non podiamos coller menos e, aínda que podería haber máis, cada unha delas estivo presente no xurdimento da ecoloxía do capitalismo. Son un punto de partida útil para o proxecto de interpretar e mudar o mundo, e agora toca explorar como cada unha destas cousas foi relevante en Madeira.

A natureza

Cando os colonos chegaron a Madeira, trouxeron con eles especies invasoras. Nunha das illas máis pequenas, Porto Santo (cuxo primeiro señor foi o sogro de Colón), os coellos non tardaron en escapar e devoraron a flora local. Após estas invasións viñeron outras. Un caracol indíxena de Madeira, o *Caseolus bowdichianus*, extinguiuse no primeiro século de colonización. Porén, os datos suxiren que a maioría das extincións en Madeira

tiveron lugar nos últimos dous séculos, non durante o violento ataque colonial inicial senón despois, cando sucesivas ondadadas de especies foráneas e capitalismo agrario acabaron con millóns de anos de evolución.⁷⁰

As árbores, a auga, o solo, a fauna e a flora de Madeira, así como o mar que rodea a illa, foron tratados como «regalos gratuítos» e transformados nunha serie de incentivos ou obstáculos para a produción.⁷¹ Nun influínte artigo acerca da sobrepesca, *Reefs since Columbus* ('Os arrecifes desde Colón'), Jeremy Jackson sinala como o ser humano extinguiu a vida desde a época na que un Colón aínda novo chegou a Madeira.⁷² Co capitalismo, os humanos abusan dos ecosistemas aos que pertencen... e dos que dependen. Por exemplo, os capitalistas están encantados de ver o océano como un lugar de almacenamento de peixes aínda por coller e como un sumidoiro dos detritos que producimos en terra. O equilibrio de alimentos e lixo non vai tardar en atinxir o punto crítico. En 2050, dous anos despois de que se leve a terra a última captura pesqueira comercial, haberá máis plástico no mar ca peixes.⁷³ Unha explicación intelectualmente pobre é que os humanos levan a destrución por onde van. Emporiso, a natureza é máis ca unha fonte de recursos ou un colector de lixo.⁷⁴ Un dos principais motivos para comezar a nosa historia na fronteira do imperio portugués é que Madeira demostra claramente que sucede cando o metabolismo da humanidade na rede da vida é gobernado pola busca do beneficio.

Para que o beneficio gobernase a vida, cumpría un cambio de mentalidade importante: unha separación conceptual de natureza e sociedade. Foi un cambio transcendental, mais decote semella menor cando se compara co nacemento do mercado mundial, a conquista de América e o desposuimento do campesiñado. Porén, non foi menos importante a transformación de como algúns seres humanos entenderon a natureza no seu conxunto e de como actuaron en consecuencia. Cómpre deixar claro que isto foi sempre obra *dalgúns* seres humanos, os responsables da conquista e a comercialización dun mundo que só importa polo seu valor pecuniario. Pode que todos esteamos no mesmo barco cando falamos de cambio climático, mais a maioría de nós imos en terceira clase. A nosa cualificación a este respecto é importante por dous

motivos principais. O primeiro: axúdanos a asignar a responsabilidade e detectar que clases e relacións tiran proveito desta separación. O segundo e máis importante: a «separación da natureza» da humanidade conformouse a partir dunha exclusión verdadeiramente masiva. A consolidación do capitalismo implantou a idea non só de que a sociedade era relativamente independente da rede da vida, senón tamén de que a maioría das mulleres, os pobos indíxenas, os escravos e os pobos colonizados de todo o mundo non eran totalmente humanos e, daquela, non eran membros de pleno dereito da sociedade. Eran persoas que non eran —ou apenas chegaban a ser— humanas. Eran parte da natureza e tratadas como parias sociais: eran *abaratadas*.

A separación da natureza e a sociedade, do salvaxe e o civilizado, senta as bases para a creación do resto de cousas baratas, como explicaremos no capítulo 1. Nos seguintes cinco séculos, a natureza foi recreada, reinventada e redefinida moitas veces. As prácticas capitalistas da natureza barata ían definir que vidas e que traballo eran importantes... e cales non. As súas ideas dominantes de Natureza e Sociedade (en maiúsculas polo seu poder mítico e sanguento) ían determinar que traballo era valioso e cal era practicamente invisibilizado —o coidado de crianzas e maiores, das persoas doentes e con necesidades especiais, o traballo agrícola e o traballo das naturezas extrahumanas (animais, solos, bosques, combustibles)—. Todo isto conseguiuuse coa circulación do diñeiro, cuxo prezo, á súa vez, dependía da conquista e a subxugación a escala mundial. En eras sucesivas produciuse o control dos alimentos para alimentar os traballadores así como o control da enerxía para que fosen máis produtivos. Por iso, as cousas baratas non son en realidade cousas, senón estratexias adoptadas polo capitalismo para sobrevivir ás crises e xestionalas, tácticas presentadas como entidades reais e independentes pola graza do pecado orixinal da natureza barata.⁷⁵

O diñeiro

O diñeiro é o medio grazas ao que funciona o capitalismo, unha fonte de poder para os que o controlan. Ese control non é só unha cuestión

de persoas e riqueza; ten a ver con como o control se entrelaza coa natureza. Pensemos nos estreitos lazos que existen entre os dólares estadounidenses e os barrís do petróleo saudita ou, no pasado, entre os floríns holandeses e os lingotes de prata do Novo Mundo. Se a modernidade é unha ecoloxía do poder, o diñeiro amarra o ecosistema e este dá forma a un diñeiro que depende da cultura e da forza para se converter en capital. Divide e conecta a persoa traballadora e a capitalista, as rexións ricas e as pobres (o Norte Global e o Sur Global, na terminoloxía actual). Fomenta os Estados-nación e os imperios; disciplínaos e depende deles. Observar a historia deste xeito fai que deixemos de ver o mundo moderno como unha compilación de Estados para velo como un sistema-mundo de capital, poder e natureza. Ademais, lévanos a considerar estes procesos nun período de séculos e non décadas.⁷⁶

Immanuel Wallerstein propuxo os primeiros elementos deste enfoque nos anos setenta cando demostrou que o capitalismo xurdiu dun cadoiro de transformacións políticas e económicas nas que se forxou unha división do traballo nova e extremadamente desigual. Entre as súas principais conclusións, hai dúas que son especialmente relevantes para esta obra: en primeiro lugar, a desigualdade global é un proceso de clases que resultou posible grazas a forzas tanto políticas coma mercantís; en segundo lugar, a produción e a acumulación foron recreadas mediante unha radical reelaboración da natureza.⁷⁷ Malia que os académicos posteriores a Wallerstein abandonaron a súa insistencia en que o capitalismo era unha ecoloxía, nós retomamos esta idea para explicar como o traballo e o poder se manifestan na natureza planetaria (en transformacións a grande escala que constitúen unha ecoloxía). E, debido a que nos interesan as forzas que condicionan as relacións socioecolóxicas na distancia, cómpre que quede claro por que o diñeiro é tan importante.

Sen perder de vista a historia mundial, os detalles históricos triviais resultan clave. Un exemplo: a relación entre a banca xenovesa do século xv, a ecoloxía de Madeira e a crise planetaria actual. Os seres humanos gustan do sabor do azucre. O azucre precisa auga. A irrigación en Madeira precisa un traballo que cómpre financiar. Non era barato mercar, transportar ou

manter os escravos e era necesaria toda unha estación para que a auga alimentase a cana e esta puidese ser recollida, procesada para convertela en azucre e vendida na Europa continental, trocándoa por prata que despois mercaba especias de Asia. Entre todos estes pasos, estaban o crédito e a débeda, e o fluxo de diñeiro para conseguir mercadorías, un fluxo no que a cidade-Estado italiana de Xénova ocupaba un posto crucial.

O diñeiro non é o capital. O *capital* é no xornalismo sinónimo de diñeiro ou, aínda peor, unha morea de algo que pode ser transformado noutra cousa. Se nalgún momento escoitaches ou utilizaches termos como *capital natural* ou *capital social*, daquela participaches nun grande ofuscamento.⁷⁸ O capital non é o stock morto das árbores sen cortar ou das habilidades sen usar. Para Marx e para nós, o capital unicamente aparece na transformación viva do diñeiro en mercadorías e viceversa. O diñeiro metido debaixo dun colchón está tan morto para o capitalismo coma o propio colchón. O capitalismo ten lugar grazas á circulación viva deste diñeiro e das relacións que se dan arredor del.

Os procesos de intercambio e circulación converten o diñeiro en capital. O elemento central do *Capital* de Marx é un modelo sinxelo e poderoso: na produción e no intercambio, os capitalistas combinan man de obra, máquinas e materias primas. As mercadorías resultantes son despois vendidas por diñeiro. Se todo vai ben, obtense un beneficio que cómpre reinvestir en máis man de obra, máis máquinas e máis materias primas. Nin as mercadorías nin o diñeiro son capital. Este circuíto *convértese* en capital cando o diñeiro é inxectado na produción de mercadorías, nun ciclo que está sempre en expansión. O capital é un proceso no que o diñeiro flúe a través da natureza. O problema é que o capital supón a expansión infinita dentro dunha rede da vida finita. Marx reprendía os economistas que pensaban que a súa profesión explica os mercados mediante a oferta e a demanda, cando estas son precisamente as que cómpre explicar. Comprender estas forzas esixe unha exploración dos mercados a través do «todo orgánico» da produción e o intercambio.⁷⁹ Ese todo orgánico rouba a vida da persoa traballadora do mesmo xeito que esgota o solo do gandeiro capitalista.⁸⁰

Este ciclo de conversión de diñeiro en mercadorías e novamente en diñeiro non é só unha forma de considerar o capital: é unha lente coa que ver ritmos moito máis longos no auxe e na caída dos imperios e as superpotencias, o longo prazo.⁸¹ Lembra que, despois de crear unha mercadoría e vendela, o ideal para un capitalista é obter un beneficio. As demandas permanentes de beneficio esixen que eses beneficios para eles mesmos xeren rendementos rendibles. Isto provoca un problema, porque a cantidade de capital adoita medrar máis rápido ca as oportunidades de investilo de modo vantaxoso. Por iso, as burbullas financeiras (episodios nos que grandes sumas de capital flúen cara a un sector económico concreto, como as hipotecas antes da crise de 2008) repítense ao longo da historia do mundo moderno. Os imperios axudan a resolver este problema. No longo prazo, os imperios abren novas fronteiras. No curto prazo, cando a rendibilidade desacelera, van á guerra... e piden empréstitos para facela. Os banqueiros están encantados de emprestar porque outras oportunidades de obter beneficio son relativamente escasas e os Estados adoitan ser uns bos riscos crediticios. Ademais, teñen exércitos dispostos a entrar nunha guerra financiada polo Estado para defender unha divisa segura e valiosa. As relacións entre os banqueiros e os gobernos levan no curto prazo ao reinvestimento, no medio prazo á concentración da riqueza e aos rendementos no sector financeiro, e no longo prazo á suba e á caída dun poder comercial cuxo centro está nunha cidade, Estado ou réxime internacional.⁸²

Nesa liña, algunhas persoas tiraron moito beneficio, mentres outras apenas se apañaron... ou foron a peor. As ideas de Thomas Piketty acerca de como o rendimento dos investimentos superou o crecemento do PIB no Norte Global xeraron moito interese recentemente, pero encádranse dentro dunha clase máis antiga de interpretacións sobre como as finanzas se relacionan co resto da ecoloxía do capitalismo en varios réximes de goberno sucesivos.⁸³ O capitalismo non é só a suma das transaccións «económicas» que converten o diñeiro en mercadorías e viceversa; é inseparable do Estado moderno e das soberanías dos gobernos, así como das transformacións das naturezas, humana e de calquera outro

tipo. Os paroxismos da expansión e o afundimento do capital financeiro son fundamentais para comprender como se desenvolveu o capitalismo, como veremos no capítulo 2. Mediante os avances dos financeiros, que buscaron conformar e tirar beneficio dos seus investimentos, a ecoloxía do capitalismo afecta agora a cada minúsculo elemento da ecoloxía do planeta.⁸⁴ A historia de como o diñeiro chegou a gobernar non só os seres humanos, senón tamén boa parte da vida do planeta comeza coa invasión da riqueza do Novo Mundo. A nefasta alianza de imperios, conquistadores e bancos europeos ía converter as naturezas do Novo Mundo en mercadorías e capital. Esencialmente, a ecoloxía do capitalismo necesitaba formas novas de xestionar as persoas, os seus corpos e os recursos que estas precisaban para sobrevivir. O motivo é que o diñeiro non se converte en produtos de seu: para facelo, precisa man de obra.

O traballo

Inicialmente, os propietarios (portugueses, xenoveses e flamengos) das plantacións de azucre de Madeira trouxeron guanches, indíxenas das Illas Canarias, para que traballasen as terras. Algúns testamentos do século xv demostran que os propietarios legaron guanches aos seus herdeiros.⁸⁵ Os traballadores indíxenas sucumbiron ás enfermidades e á brutalidade europeas. Foron complementados e substituídos cunha mestura de traballadores asalariados e escravos norteafricanos, humanos cuxos devanceiros recentes gañaran a vida coa agricultura de subsistencia pero que, no seu caso, chegaron a Madeira como escravos ou por ser expulsados das terras que traballaran no pasado. Madeira foi un terreo para experimentar cos límites da resistencia e da forza humanas, mais tamén para probar novas tecnoloxías de orde, procesamento e especialización que, séculos despois, ían ser utilizadas nas fábricas industriais inglesas. Non sabemos demasiado acerca de como os traballadores de Madeira —tanto escravos coma libertos— opuxeron resistencia aos seus señores e empregadores. Non existe moita documentación sobre como combateron o réxime que os fixo traballar até morrer e que esgotou o solo que traballaban.⁸⁶ Porén, sabemos que

resistiron e que os seus intentos de oporse ás condicións da súa explotación xeraron crises abondo para que as autoridades prohibisen que os escravos vivisen sós ou con libertos en 1473.⁸⁷

A historia das cousas baratas e das crises que supuxo o seu abaratamento non é unha historia da previsibilidade. Os seres humanos son quen de resistirse e, de feito, resistense. Os capitalistas tentaron daquela afrontar a resistencia cunha serie de cambios baratos. Estes xeraron inevitablemente as súas propias crises e, chegando o momento, uns mecanismos cada vez máis sofisticados de control e orde.⁸⁸ Esta loita de clases é un motor de cambio fundamental na ecoloxía capitalista. Malia que temos pouca información sobre a rebelión dos escravos en Madeira, si sabemos que, ao final do auxe do azucre, as tecnoloxías da escravitude e das plantacións se perfeccionaran e estaban a ser exportadas ao outro lado do Atlántico, primeiro a San Tomé, onde escravos fuxidos (denominados *angolares*) queimaron muíños de azucre e asediaron a súa capital durante dúas semanas en 1596.⁸⁹ Tamén sabemos, como veremos no capítulo 3, que é na oposición dos traballadores á súa explotación onde atopamos algúns dos desafíos máis poderosos ao capitalismo.

A escravitude permanece; e a resistencia tamén. Existen máis seres humanos vítimas de traballo forzado no século XXI dos que transportou o comercio escravista a través do Atlántico.⁹⁰ A Organización Internacional do Traballo concluíu que había case 21 millóns de persoas vítimas do traballo forzado en 2012; delas, 2,2 millóns facían un traballo que lles impuña o Estado (traballo no cárcere) ou grupos militares rebeldes. Dos 18,7 millóns restantes, 4,5 millóns sufriron explotación sexual comercial e 14,2 millóns, explotación económica forzada.⁹¹ En comparación, 12,5 millóns de africanos foron escravizados e transportados na «travesía intermedia» (como se coñecía a travesía do Atlántico).

A escravitude non comezou en Madeira, mais a escravitude *moderna* si que o fixo. A diferenza moderna está en que os escravos foron postos a traballar na produción agrícola masiva e expulsados do terreo mítico da «sociedade». Aínda que os escravos sempre estiveron na capa máis baixa da orde social, nos séculos posteriores ao auxe de Madeira foron

expulsados desa orde e despoixados de todo aquilo que puidese lembrar a cidadanía. Para os escravos indíxenas e africanos, a modernidade supuxo non só a morte no sentido literal do termo, senón tamén a «morte social».⁹² Tratar os escravos como parte da Natureza no canto de como parte da Sociedade foi unha estratexia que lles funcionou aos investidores. Para multiplicar ese éxito, cumpría atopar máis traballadores, coidar os seus corpos maltratados e manter as súas comunidades cun traballo que nunca ía ser remunerado. Noutras palabras, os capitalistas precisaban máis forza de traballo e precisaban que a súa formación e o seu mantemento fosen o máis baratos posible. Deste imperativo emerxeu todo un réxime de coidados baratos tan importante para a ecoloxía do capitalismo que a súa historia practicamente se borrou.

Os coidados

A parte da primeira historia de Madeira da que menos se sabe, mais sen a que o resto resultaría imposible, é o traballo do que nas ciencias sociais se denomina *reproducción social*.⁹³ O traballo dos coidados (das persoas máis novas e máis vellas, das doentes, da aprendizaxe e da recuperación) fai posible o capitalismo. De onde veñen os seres humanos senón doutros seres humanos? Acaso non socializan por medio das comunidades? Acaso non son coidados e alimentados por medio das redes de apoio? As demandas de que estes coidados se fixesen de forma barata axudaron a remodelar os patriarcados máis vellos e xeraron as categorías modernas de diferenciación por sexo e xénero na ecoloxía do capitalismo.

Sabemos que na época na que a industria azucreira brasileira comerciaba con escravos, as mulleres custaban un 20 % menos ca os homes.⁹⁴ En Europa, un recorte xeneralizado dos salarios nos séculos XVI e XVII afectou a todos os traballadores, mais especialmente ás mulleres, que recibiron só un terzo dese xa «reducido salario masculino».⁹⁵ Ademais, esperábase que se ocupasen do traballo na casa e, de feito, a esfera doméstica foi un invento consciente do primeiro capitalismo.⁹⁶ Cada vez máis, as cargas de traballo, o traballo dos coidados e o apoio comunitario

corresponderon ás mulleres, cuxa posición social pasou a ser controlada, do mesmo xeito que sucedeu nos campos de cana de azucre.⁹⁷ A queima de bruxas foi unha forma de disciplina para aquelas mulleres que se resistiron ao seu confinamento na esfera doméstica, como veremos no capítulo 4. O patriarcado non é unha simple consecuencia da ecoloxía do capitalismo; é un elemento central desta. Tan crucial era o «traballo das mulleres» para o auxe do capitalismo que, en 1700, xa estaba radicalmente redefinido. O traballo feminino deixou de considerarse traballo;⁹⁸ volveuse practicamente invisible, o mellor xeito de abaratalo.

En 1995, uns investigadores tentaron achar o valor en dólares do traballo feminino non-remunerado. Un equipo das Nacións Unidas suxeriu que, de se compensar, todo o traballo reprodutivo non-remunerado tería un valor de 16 billóns de dólares. Deles, 11 billóns representaban o traballo feminino non-remunerado.⁹⁹ Isto supuña un terzo do total da actividade económica mundial, unha cifra que sería aínda maior de non ser por que a banca xa se fixera cunha parte cada vez maior da economía global. No Reino Unido, estudos máis recentes suxeriron que o traballo reprodutivo ten un valor maior ca os impostos do todopoderoso sector dos servizos financeiros londiniense.¹⁰⁰ Con todo, outros expertos defenderon que a estimación da ONU era demasiado baixa e que a «actividade doméstica allea ao mercado» é equivalente ao 80 % do produto bruto mundial: case 60 billóns de dólares en 2015.¹⁰¹

Os traballos de coidados están mal pagos, se é que se pagan, e a reprodución social precisa máis ca traballo para ser eficaz. A medida que as traballadoras e os traballadores migraron das zonas rurais ás urbanas, algo pasou a ser a prioridade principal na nova conexión co diñeiro: a capacidade de garantir unha nutrición suficiente nun día para poder traballar o seguinte. De aí a aparición dun réxime de alimentos baratos.

Os alimentos

Na historia de Madeira, o alimento barato non é o azucre, que na Europa do século xv é aínda un luxo. Os alimentos que tiñan que ser baratos eran os que comían os escravos. Daquela, coma agora, os traballadores das

explotacións de cana roubaban ocasionalmente tallos de cana madura para mastigala e obter do seu zume augado e doce unhas cantas calorías extras e pouca nutrición. Ás veces, os escravistas brasileiros daban aos escravos enfermos carne e ovos para que a súa propiedade se recuperase e volvese traballar, aínda que a comida se controlaba estritamente e pasaba a ser un debe nas contas de resultados.¹⁰² Existen poucos rexistros das dietas dos escravos durante o dominio portugués de Madeira, aínda que é probable que trouxesen con eles o arroz, o millo miúdo e o sorgo que cultivaran en África e que os seus descendentes meterían nos petos no seu violento paso ao Novo Mundo.¹⁰³ Con independencia do menú, unha constante do capitalismo é que hai que dispor de comida barata para que a consuman os traballadores, tanto para manter a marxe de beneficio coma a orde social, como veremos no capítulo 5.¹⁰⁴

Existe unha longa tradición de gobernantes que recoñece que unha das mellores formas de garantir o consentimento dos traballadores e dos pobres pasa polos seus estómagos. O filósofo e terratenente romano Cicerón viu como unha multitude esfameada atacaba a súa casa e, un século despois, o emperador Claudio foi bombardeado con codias de pan reseso noutra revolta pola comida.¹⁰⁵ Os alimentos baratos foron esenciais para manter a orde durante milenios. Na ecoloxía do capitalismo, preservouse esa orde mantendo baixo o custo dos alimentos para as familias traballadoras. Isto pode parecer trivial hoxe, cando o transporte e a vivenda son unha porcentaxe maior dos recursos familiares ca o custo da comida, mais temos constancia histórica da relativa escasa importancia da comida; é barata porque a fixeron barata. Entre 1453 e 1913, a porcentaxe dos salarios dos traballadores da construción ingleses gastada en alimentos caeu do 80 ao 77,5 %.¹⁰⁶ É un fenómeno moito máis recente que o consumo de alimentos en Gran Bretaña caese até o 8,6 % do gasto familiar (en 2014, nos Estados Unidos foi do 6,6 %; en Italia, o 14,2 %; na China, o 25,5 % e en Nixeria, o 56,6 %).¹⁰⁷ Estas cifras mantéñense baixas a través de estratexias que, nos Estados Unidos, por exemplo, fomentan as hamburguesas que custan un dólar e as cubetas de polo barato coas que comezamos.

A ironía do noso exemplo de Madeira é que o azucre se converteu, desde entón, nunha mercadoría barata precisamente a consecuencia das relacións iniciadas alí. De ser un capricho ocasional, o consumo de azucre en Inglaterra multiplicouse por catro a finais do século XVII e volveuse duplicar no XVIII, pechando o século con arredor de 6 quilogramos por persoa. Na actualidade, o consumo de edulcorantes nos Estados Unidos é de 34 quilogramos por persoa e ano, dos que 18 son de azucre refinado e 11 son de xarope de millo con elevados contidos de frutosa.¹⁰⁸ Entre 2005 e 2010, a inxestión diaria media de calorías provenientes de azucres engadidos foi de 355 no caso dos homes e de 239 no das mulleres nos Estados Unidos, aproximadamente un 13 % do total diario de calorías (unha investigación recente suxire que unha inxestión de máis dun 2-3 % tería efectos negativos na saúde).¹⁰⁹ Porén, o azucre non é a única fonte de enerxía dos seres humanos. O outro produto cuxo prezo se mantivo baixo para que a clase traballadora estadounidense sobrevivise é o segundo maior gasto dos traballadores da construción ingleses durante sete séculos: o combustible.

A enerxía

Os bosques de laurisilva tropicais de Madeira (de aí o nome da illa) non foron combustible ao comezo. Inicialmente foron usados como material para construír a frota portuguesa e completar os proxectos de construción na Lisboa metropolitana.¹¹⁰ Porén, a madeira deixa de ser o material do que se bota man para impedir que entre a auga cando gaña valor ao converterse no material co que quentará as caldeiras que fan o azucre.¹¹¹ Estas árbores non eran un combustible de forma natural; convertéronse en combustible nunhas condicións específicas.

Case todas as civilizacións empregaron o lume e atoparon materiais que podían manter vivas as lapas, máis, en Madeira, o paso do auxe á quebra, que sucedeu en só setenta anos, estivo limitado polo número de árbores que había na illa. Dito doutro xeito: a velocidade e a escala do consumo de combustible baixo o capitalismo foi inhabitual. A barateza da madeira na illa foi causa e consecuencia da suba e da caída da súa industria do

azucre, xa que a crise tivo a súa orixe no esgotamento dunha reserva de combustible limitada. O combustible cumpre unha tripla función no capitalismo: non só constitúe unha industria en si mesmo e a forza que permite aumentar a produción noutros sectores, senón que tamén ofrece un substituto da man de obra e serve para manter a man de obra accesible... e *productiva*. O combustible barato é, ao mesmo tempo, un antagonista dos traballadores que perden os seus postos debido ás máquinas propulsadas por madeira, carbón, petróleo ou outras enerxías, e unha achega necesaria para o traballo dos coidados baratos, fundamental para o mantemento da orde, como veremos no capítulo 6.

Estamos vivindo —é preciso dicilo?— coas consecuencias dunha civilización construída a partir de enerxía barata, unha realidade confirmada polo cambio climático. A economía política mundial do combustible barato non só provocou un sufrimento humano inmenso durante a súa extracción, senón que tamén, evidentemente, refixo a ecoloxía do planeta. Con todo, os efectos do cambio climático non se repartiron de xeito equitativo. Existe un cálculo que nos permite localizar onde están enterrados os corpos máis afectados polo cambio climático pasado e onde é máis probable que vaian estar as vítimas futuras. Para ver ese mapa, precisamos comprender primeiro unha estratexia final da ecoloxía do capitalismo: as vidas baratas.

As vidas

Cristovo Colón naceu en Xénova en 1451. Durante un tempo, viviu en Porto Santo, na illa principal de Madeira. Chegou alí por primeira vez en 1476, e en 1478 encargáronlle levar de volta a Xénova o azucre de Ludovico Centurione, un fillo da capital xenovesa.¹¹² Cando Colón chegou a Madeira, viu os escravos e aprendeu como a lei os trataba. Os escravos tiñan un status xurídico diferente ao resto das persoas. Nos tribunais, nunca podían ser testemuñas nin vítimas; só se lles permitía ser acusados de crimes, nunca observar ou ser vítimas dun.¹¹³ Esta xurisprudencia foi a escola colonial de Colón. Entre a súa saída de Madeira en 1478 para servir á coroa española e o seu regreso

a Funchal durante seis días en 1498 como vicerrei das Indias, Colón inaugurou un xenocidio no Caribe que ía significar a morte de moitos seres humanos —e civilizacións—. ¹¹⁴

Un século despois do nacemento de Colón, a escala da exterminación, baixo a bandeira da familia real española e a cruz católica, supuxo un problema para algúns dos seus executores, até tal punto que se molestaron en outorgar uns fundamentos intelectuais sólidos á escravitude e ao embrutecemento doutros seres humanos. A «controversia de Valladolid» de 1550 foi onde se argumentou a liña que separaba o civilizado do salvaxe. Durante unhas poucas semanas en Valladolid, dous bandos debateron o tratamento dado aos seres humanos no outro lado do Atlántico. Dunha banda estaba Bartolomé de las Casas, o frade dominicano cuxo tratado de 1542 *Brevísima relación da destrución das Indias* recollía a violencia que presenciou no Novo Mundo. Doutra banda estaba Juan Ginés de Sepúlveda, un defensor ortodoxo do dereito de conquista español. En Valladolid, ambos discutiron sobre se os nativos eran seres humanos ou animais. O que estaba en xogo era o sistema da *encomienda*, a tecnoloxía da propiedade das terras coloniais que asignaba grupos de indíxenas aos terratenentes, que os «gardaban en depósito» durante dúas vidas: a do nativo depositado e a da súa prole. Os terratenentes aceptaban coidar deles ofrecéndolles clases de español e aprendéndolles o catolicismo, ademais de pagar un imposto ao Estado polo dereito a contar con esta man de obra. ¹¹⁵ Ao final do debate, despois de que De las Casas apelase ao humanismo universal e Sepúlveda citase a Aristóteles para defender a idea de que os indios eran «escravos por natureza, incivilizados, bárbaros e inhumanos», ¹¹⁶ ambas as partes clamaron vitoria. Con todo, malia que as *encomiendas* estiveron reguladas por unha lexislación un chisco máis estrita a partir de entón, a conquista continuou e as vidas indíxenas seguiron a depreciarse. As prácticas de Sepúlveda prevaleceron.

Daquela, para que o debate? A discrepancia filosófica sobre a humanidade dos pobos indíxenas tiña que ver co seu lugar nun mundo dividido entre Natureza e Sociedade, e con como cumpría gobernalos. Noutras palabras, foi un debate sobre as *vidas baratas*, un termo que nós usamos

para facer referencia a como se controla e mantén a orde doutras cousas baratas (o traballo e os coidados, en particular) por medio da forza e a ideoloxía. Este é, admitímolos, un uso un pouco diferente do *barato* dos outros capítulos. No capítulo 7, defendemos a súa necesidade porque, sen o poder de decidir que vidas importan e cales non, resultaría imposible esmagar os pobos indíxenas ou os membros de relixións ou Estados rivais e apropiarse dos seus coñecementos, recursos e man de obra.

Son moitos os equivalentes modernos nos debates actuais sobre temas como a seguridade, o status das persoas inmigrantes e refuxiadas, a insistencia dos Estados na orde á vez que autorizan a extracción de recursos naturais que están baixo as terras onde viven moitos pobos indíxenas (para a súa desgraza), as guerras polo petróleo e as «ameazas do terrorismo moderno para a existencia».¹¹⁷ Novamente, que os seres humanos teñan que atopar seguridade e refuxio das ameazas non é nada novo. No entanto, desde que o capitalismo desbordou as fronteiras, os despregues de forza nacionais e internacionais a través da natureza para garantir o diñeiro, o traballo, os coidados, os alimentos e o combustible están acompañados por ideoloxías de raza, Estado e nación, ademais de polas apropiacións e desvalorizacións que estas despregaduras implican. As vidas baratas configúranse por medio do aparato da orde social moderna e son fundamentais para a ecoloxía do capitalismo. O poder destas narrativas da comunidade e da exclusión humanas ten unha prominencia especial na actualidade, como suxiren as inclinacións dos Estados Unidos de Donald Trump, a Rusia de Vladimir Putin, a Turquía de Recep Tayyip Erdoğan e a India de Narendra Modi.

INTRODUCCIÓN Á ECOLOXÍA-MUNDO

As nosas visións do capitalismo, a creación da vida e as sete cousas baratas forman parte dunha perspectiva que denominamos *ecoloxía-mundo*.¹¹⁸ Este concepto xurdiu nos últimos anos como unha forma de pensar na historia da humanidade como parte da rede da vida. No canto de comezar coa separación dos seres humanos da rede da vida, preguntáronos como os humanos —e as organizacións humanas do

UNHA HISTORIA DO MUNDO EN SETE COUSAS BARATAS

Natureza, diñeiro, traballo, coidados, comida, enerxía e vida: estas son as sete cousas que construíron o noso mundo e que conformarán o seu futuro. Mediante o abaratamento destas cousas, o comercio moderno transformou, gobernou e devastou a Terra. En *Unha historia do mundo en sete cousas baratas*, Raj Patel e Jason W. Moore presentan un novo enfoque para a análise das urxencias planetarias actuais na era que eles denominan *Capitaloceno*. Combinando as últimas investigacións en ecoloxía con historias do colonialismo, loitas indíxenas, revoltas de escravos e outras rebelións e levantamentos, Patel e Moore demostran que, ao longo da historia, as crises sempre deron lugar a novas estratexias para facer o mundo barato e seguro para o capitalismo. Nunha época de crise nestas sete cousas baratas, requírese urxentemente unha forma de pensar innovadora e sistémica. Este libro propón un modo novo e radical de comprender (e recuperar) o planeta no turbulento século XXI.


catroventos
EDITORA

www.catroventos.gal



CONSUMO
RESPONSABLE



ECOLOXÍA



ECONOMÍA
SOCIAL



DEREITOS
HUMANOS

ISBN 978-84-949154-7-5



9 788494 915475